

os bolechos

PEPE CARREIRO



**QUE SE FAI CO LIXO
QUE CHEGA A SOGAMA**

www.sogama.gal

os bolechos

PEPE CARREIRO

guías

**QUE SE FAI CO LIXO
QUE CHEGA A SOGAMA**




os bolechas[®] PEPE CARREIRO guías



**QUE SE FAI CO LIXO
QUE CHEGA A SOGAMA**





Os Bolechas queren saber onde vai o lixo que producimos nas nosas casas. Diariamente botamos nos contedores da rúa toneladas de lixo: espiñas, ósos, latas, bolsas, envases, trapos, cartóns... **Onde vai todo isto?**



Unha gran parte do lixo que producimos en Galicia vai ao **Complexo Medioambiental de Sogama**, que está no concello de Cerceda, entre Santiago e A Coruña, onde recibe o tratamento que veremos nas páxinas seguintes.

Os concellos que están lonxe do Complexo Medioambiental de Sogama levan o seu lixo á **planta de transferencia** máis próxima. En Galicia hai 37. As plantas de transferencia son instalacións pechadas nas que os camiións municipais descargan o lixo que recollen na rúa. Desde estas plantas é transportado a Cerceda. Este lixo **vai xa separado**: o procedente do contedor amarelo por un lado e o procedente do contedor xenérico por outro. O contedor de lixo xenérico é normalmente de **cor verde**.





O lixo que os camións municipais levan ás plantas de transferencia depositábase en contedores grandes e **transportábeis**.


CONTADOR TRANSPORTÁBEL



Un tren equivale a 30 camiós.

Os contedores transportábeis van en **camión** ou en **tren** desde as plantas de transferencia a Cerceda. O tren é moito máis respectuoso co medio ambiente, mais non pasa por todos os concellos.

O tren e os camións descargan os contedores en Sogama. O lixo procedente dos contedores amarelos vai á **Planta de Clasificación de Envases Lixeiros**. Nesta planta selecciónanse automaticamente segundo o tipo de envase.



Os envases lixeiros son os envases de plástico, as latas e os bricks.

Aínda que os envases son seleccionados por máquinas, hai que revisalos manualmente, porque pode escapar algún mal seleccionado.


Unha vez clasificados os envases procedentes do contedor amarelo, pasan por unha máquina que os empaceta para envialos a **reciclar**.




ENVADES
EMPAQUETADOS




Cos envases **reciclados** fanse outras cousas que volvemos utilizar: bolsas, roupa, mobiliario urbano, sinais de tránsito, bancos para parques, caldeiros etc. **A reciclaxe é unha boa maneira de aproveitar o lixo.**



Para poder reciclar o lixo, **é imprescindible separalo antes na casa**, porque, se botamos os envases lixeiros mesturados cos outros residuos, non se poderán reciclar.




Na rúa, **debemos de botar cada cousa no seu contedor**. A Sogama só chega o lixo dos contedores xenéricos e amarelos. O vidro, o papel e o cartón recólleos o concello ou empresas que os envían a reciclar.




O lixo xenérico que chega a Sogama descárgase na **Planta de Reciclaxe, Tratamento e Elaboración de Combustible**. En total, chega cada día ás instalacións de Sogama o lixo procedente de 294 concellos galegos, o que producimos **máis de dous millóns de habitantes**.



O lixo xenérico que chega á Planta de Reciclaxe, Tratamento e Elaboración de Combustible, xeralmente **non se pode reciclar**, pero, aínda así, Sogama envía aos centros recicladores o vidro, o aceiro e o aluminio que consegue recuperar con sistemas automáticos.



Un guindastre recolle o lixo do foso cunha pinza xigante e bótao nunha tobeira. A parte grosa do lixo tritúrase e a parte máis fina transpórtase á **planta de secado**.



A cantidade de electricidade producida daría para abastecer ao redor de 100.000 fogares galegos.


A parte grosa triturada e a parte fina, xa seca, mestúranse e obtense con elas un combustíbel que se chama **CDR (Combustible Derivado de Residuos)**, que logo se converte en enerxía eléctrica dunha forma respectuosa co medio ambiente.




Sogama logra que o lixo que non se pode reciclar acabe convertido en electricidade, evitando o seu depósito nun vertedoiro, que daría lugar a graves problemas de contaminación.



Tratar o lixo que producimos costa moito diñeiro e deteriora o medio ambiente. Por iso é importantísimo reduci-lo. **Canto menos lixo produzamos, mellor.** Todos podemos axudar, como Carlos, Pili e Braulio.




Nas casas con **xardín ou horta**, pódense aproveitar os residuos orgánicos para facer compost doméstico, que é un fertilizante natural para plantas e cultivos.



O **compost** faise mesturando nun composteiro residuos vexetais e residuos da cociña. Despois reméxese esta mestura durante varias semanas, humedécese, e, cando estiver pronta, quítase pola parte de abaixo.

Temos que mudar os hábitos de consumo, para producirmos menos lixo. Mais o mellor é non produci-lo.



Nós podemos colaborar adquirindo produtos con **pouca embalaxe** e escollendo materiais **reciclábeis** e **reciclados**.

O máis importante é pór en práctica os tres R:

Reducindo.

Por exemplo, mercando produtos que non veñan envasados.



Reutilizando.

Por exemplo, debuxando polas dúas caras do papel ou en papeis vellos.



Separando para Reciclar.

Botando o lixo no caldeiro e contedor que corresponda.



No Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda, trátase a maior parte do lixo que producimos en Galicia.



Os envases lixeiros (envases de plástico, latas e *briks*) **pódense reciclar.**



Para poder reciclar os residuos, **é imprescindible separalos antes na casa.**



A Sogama chega o lixo que producen máis de dous millóns de habitantes de 294 concellos galegos.



Temos que mudar os hábitos de consumo **para producir menos lixo**. Mais o mellor é non produci-lo.




Nas casas con terreo e nos concellos do rural, pódense aproveitar os residuos orgánicos para facer **compost** doméstico.



Para protexer o medio ambiente, lembra sempre os tres **R: Reducir, Reutilizar e Reciclar**.


1. Os contedores de reciclaxe



Colorea cada contedor da cor que corresponde.



2. O contedor amarelo



Colorea só os elementos que se poidan tirar no contedor amarelo.

3. Datos

O complexo Medioambiental de Sogama está no concello de **C** _____

Os envases de plástico, as latas e os *bricks* son envases **L** _____

O residuos de Sogama serven para xerar enerxía **E** _____

Os residuos orgánicos pódense aproveitar para facer **C** _____

Os tres R son Reducir, Reutilizar e **R** _____

Completa as frases coa palabra correcta.

4. Palabras clave

S C L F E R T I L I Z A N T E
 O D F O T A C O N T E D O R G
 G E T T D M T R Q V V I S E V
 A H E H F B B T O C B M X C C
 M R N P R U U V Z I N G Q I O
 A N V I X S H T X O M I A C M
 T I A N S E I U T L H I Z L P
 A O S A L X H G R P Ñ P F A O
 N P E Q D A L T V S B O R R S
 O L S F L G Ñ I T S E L G A T
 P Z D X Ñ S P M G X R Ñ C Q V
 M A C A M I O N U D C P M P I
 A E I B B Q X O B E E O U E R
 Q D B M A E N E R X I A H R O

SOGAMA

CAMIÓN

CONTEADOR

ENVASES

ENERXÍA

RECICLAR

COMPOSTEIRO

FERTILIZANTE

Busca as seguintes palabras na sopa de letras.

5. O Compost




Flores murchas



Tomates estragados



Queixo en mal estado



Espiña



Limón



Cunchas de mexillón



Latas



Bolsas de plástico




Follas secas

Colorea os elementos que serven para facer compost.



6. A reciclaxe na casa



Debuxa que cousas da túa casa poderías reciclar no canto de tiralas ao lixo. Exemplo: un bote de marmelo pode servir de lapiceiro.